

## Sé ti o Capitán

-Ás veces na barca da nosa vida xorden tormentas, parece que todos se vai a pique. Cansámonos de sementar e de seguirte, asáltannos dúbidas de fe, parece que estás durmido, que te desentendes de nós cando nos afundimos.

- Pero ti, Xesús, pos calma nos nosos medos, e disnos: “aínda non tedes fe?”. E ti, Xesús, segues aí ás veces calado ou escondido pero sabemos que sempre nos acompañas cando non atopamos respostas, a soidade axéxanos, ou a sorte abandónanos.

-Si, ti Xesús, segues acompañándonos e convidáanos a “pasar á outra beira”, á beira da confianza, a superar os medos que nos paralizan e a ter fe porque todo está seguro, pois cada comunidade e cada persoa está nas túas mans.  
**Se ti o capitán, toma ti o temón das nosas vidas.**

**Facer a primeira comunión** significa que queremos contar con Xesús en la vida: queremos que El sexa o noso Capitán (respondéndolle con fe, confiando nel), que tome o temón da nosa barca (folla de ruta (Palabra de Deus que coa axuda do Espírito márcanos o seu estilo de vida: amor), e aliméntanos do seu Pan (eucaristía cada domingo), e non nos esquezamos de chamalo cando o necesitamos (na oración).



**¿QUIÉN DIRIGE TU BARCA EN LA TEMPESTAD?**

Señor,  
Sálvanos  
que nos  
hundimos

23-xuño-2024  
12º-B  
Ordinario



# Xesús é o meu Capitán



**XOB 38,1. 8-11** *Aquí se romperá a arrogancia das túas ondas.*

Isto di o Señor Deus: «Tamén eu escollera unha rama da cima do alto cedro e plantábaa; das máis altas e novas ramas arrincarei unha tenra e plantareina no cume dun monte elevado; plantareina nunha montaña alta de Israel, agromará brotes e dará froito. Farase un cedro magnífico. Aves de todas clases aniñarán nel, aniñarán ao abrigo das súas ramas. E recoñecerán todas as árbores do campo que eu son o Señor, que humillo á árbore elevada e exalto a humilde, fago secarse a árbore verde e florecer a árbore seca. Eu, o Señor, díxeno e fareino». Palabra do Señor.

**SALMO 106:** *Dade grazas ao Señor, porque é eterna a súa misericordia!*

**2 CORINTIOS, 5, 14-17:** *Comezou o novo.*

Irmáns: Aprémanos o amor de Cristo, ao considerar que, se un morreu por todos, todos morreron. E Cristo morreu por todos, para que os que viven xa non vivan para si, senón para o que morreu e resucitou por eles. De modo que nós desde agora non coñecemos a ninguén segundo a carne; se algunha vez coñecemos a Cristo segundo a carne, agora xa non o coñecemos así. Polo tanto, se algún está en Cristo é unha criatura nova. O vello pasou, comezou o novo.

**MARCOS 4, 35-41:** *Quen é este? Ata o vento e as augas lle obedecen!*

**Narrador:** Aquel día, á tardiña, díxolles Xesús aos seus discípulos:

**Xesús:** -“Imos á outra beira”.

**Narrador:** Deixando á xente, leváronllo na barca, como estaba; outras barcas acompañábano. Levantouse unha forte tempestade, e as ondas rompían contra a barca ata case enchela de auga. El estaba na popa, durmido sobre un cabezal. Espertárono, dicíndolle:

**Discípulos:** -“Mestre, non che importa que perezamos?”.

**Narrador:** Púxose en pé, increpou ao vento e dixo ao mar:

**Xesús:** -“Silencio, enmudece!”. O vento cesou e veu unha gran calma.

**Narrador:** El díxolles:

**Xesús:** - “*Por que tedes medo? Aínda non tedes fe?*”.

**Narrador:** Enchéronse de medo e diciáanse uns a outros:

**Discípulos:** - “Pero quen é este? Ata o vento e as augas obedéceno.

**Palabra do Señor.**

*(Narrador-Xesús-Discípulos)*



## Xesús é o Capitán que toma o temón da miña vida

### 1. VER: Necesitamos un capitán

- Estamos en tempo de Eurocopa de Fútbol. Os equipos necesitan dun capitán, alguén que os dirixa, que os guíe e aconselle, que os xunte, que faga piña para unir forzas.
- Tamén a tribulación dun barco vai dirixida por un capitán. É el o que nos dirixe a bo porto, o que leva o temón, o que dirixe o rumbo evitando perigos.

*Que sería dun equipo ou dun barco sen capitán? Lograría as súas metas?*

### 2. XULGAR: Xesús é o Capitán que toma o temón

- No evanxeo de hoxe, Xesús vai na barca cos seus discípulos e levántase unha forte tempestade. Eles espértano: -“*Mestre, non te importa que perezamos?*”. Xesús detén a tormenta e dilles: “*Por que tedes medo? Aínda non tedes fe?*”. Ver:

Calma a tempestade, evanxeo: <https://www.youtube.com/watch?v=NRZmcHozais>

#### QUE NOS QUERE DICIR?

- **A vida é como un partido que hai que xogar** cos seus retos, as súas dificultades, as súas alegrías. Se usamos as técnicas e estratexias axeitadas é posible que gañemos ese partido. A vida é tamén como unha travesía polo mar nunha embarcación: se seguimos os consellos do capitán venceremos as dificultades dos ventos, as ondas etc.
- Xob na primeira lectura e os apóstolos no evanxeo atópanse nun mar de dificultades. **Xesús está durmido cando máis o necesitan** e corren perigo. Con Xesús, cando El toma o temón da vida, todo volve á calma.
- **Necesitamos que Xesús sexa o Capitán das nosas vidas**, que nos ensine a manexar a nosa embarcación, non de calquera forma, co seu estilo, coa súa Palabra.
- **No centro do temón, o Amor**, que é o que move todo o que Xesús manexa. Conducidos polo Amor de Xesús chegaremos a bo porto, coa axuda do Espírito.
- **Pero necesitamos fe, confiar en Xesús**. A fe, por forte que sexa, non elimina a tormenta. Pero a fe cámbianos, permítenos ver e saber que Xesús non só está conosco senón dentro de nós, dándonos a súa paz.

Por encima da tormenta, Verbo Divino 2024, reflexión: [https://youtu.be/ZTR\\_NZTVgTM](https://youtu.be/ZTR_NZTVgTM)

Mc. 4,35-41, Cousas de Deus, explicación: <https://youtu.be/iMsh5XivuyQ>

*Cal é o soño que Deus alenta en nós? Como o vas realizar?*

### 3. ACTUAR: Déixate conducir por Xesús

- Na nosa oración dicímoslle: **Esperta, Xesús, e toma o mando!** Toma o rumbo da miña vida porque confío en Ti e quero deixarme levar por ti. Fai que ti e mais eu vaíamos sempre na mesma barca. Ti leva o temón, marca a ruta. E que eu conte sempre contigo, que te escoite, porque necesito sentir a túa presenza e a túa palabra.

*Que vas facer? E en grupo?*

Canto: -No medio da tormenta, Jésed: <https://www.youtube.com/watch?v=lxSS8dzmMtw>

-A tempestade calmada, canto nenos: <https://youtu.be/dLcTTRJXzEo>